

RESUMO DO ENCONTRO LINGÜÍSTICO

Anfitrións: IES Agra de Leborís: alumnado de 3º de ESO A e D.

Visitantes: IES Elviña: o mesmo número de alumnas e alumnos. Acompañados de catro profesores.

Duración: De 9 da mañá a 6 da tarde.

Fases:

- **1.** Recepción (presentación con xogos de refráns e formación de grupos con topónimos da nosa zona).
- **2.** Realización dun xogo de pistas en grupos (visita a diferentes institucións, sectores económicos, entrevistas a larachesas e laracheses) para coñecer a realidade social e lingüística do contorno.
- **3.** Posta en común na casa da Cultura, con entrega de premios aos grupos mellores. Reflexión lingüística.
- **4.** Visita do dinamizador lingüístico Séchu Sende. Actividades na casa da Cultura.
- **5.** Ruta de sendeirismo á beira do río Anllóns, con xantar na área recreativa de Gabenlle e xogos populares (chave, ferrón, corda) pola tarde. Despedida.